



MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Cto. de Galicia de Clubs Sub 16 e Sub 20

PONTEVEDRA 22/05/2021

Acreditación e zona de acceso á bancada (punto vermello no plano): realizarase polo "Acceso CGTD" mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas. **Estará aberto** no seguinte horario: **de 9:00 a 13:30 e de 15:30 a 20:00 horas**. Haberá control de temperatura, sendo imprescindible que a mesma non supere os 37,5°C.

Autorizarase o acceso, unicamente, as/os atletas participantes, persoal federativo (organización e xuíces) e adestradores/delegados de club autorizados. Se poderá requirir que se amose o DNI no control de acceso.

Toda vez realizada a acreditación será imprescindible, para poder acceder, dispor dunha tarxeta de acceso á bancada. De non contar con unha, a persoa acreditada abandonará a instalación ata que o seu delegado lle facilite unha tarxeta, de ser preciso. Lémbrese que, para competir, non é preciso acceder á bancada, polo que unha vez acreditada a persoa participante, e xa en disposición da pulseira, pode abandonar a instalación e acceder directamente por cámara de chamadas. Cada equipo contará con 8 tarxetas, que serán entregadas ao delegado xunto aos dorsais do equipo.

Sistema de acceso á grada: estará limitado a 8 persoas por equipo (que non entidade). O control do mesmo será do seguinte xeito:

- Punto de acreditación (● no plano): amosar tarxeta.
- Punto de acceso á bancada (● no plano): amosar tarxeta.
- Punto de saída da bancada (● no plano): entregar tarxeta no caso de querer habilitar asento a outra persoa do equipo.
- Os delegados deberán dirixirse ó punto de saída da bancada (●) para recuperar tarxetas de acceso. Lémbrese que a circulación é circular.

A cámara de chamadas habilitarase na contra recta, que terá acceso directo dende a rúa José Malvar. É imprescindible, para facer uso deste acceso, levar posta a pulseira facilitada pola organización.


O quecemento se realizará no exterior do CGTD.

O dorsal será entregado ao responsable do club, que será o responsable de entregalo aos atletas. Será imprescindible a entrega da declaración responsable no acceso á cámara de chamadas, sen a cal non se autorizará a participación.



Toda vez finalizada a participación nunha proba, as/os atletas dirixiranse a cámara de chamadas e:

- **Atletas en posesión de tarxeta:** poderán acudir á bancada dende o interior da instalación seguindo o sentido de circulación indicado no plano.
- **Atletas sen tarxeta:** deberán abandonar a instalación nese punto.



Non será posible circular, en ningún momento, en sentido contrario.



NORMAS XERAIS

É obrigado por todos a utilización da máscara cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.